



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Telef. 981889000 – Fax 981889100
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2026/G003/000252

RESOLUCIÓN

ASUNTO: DECRETO DE AVOCACION APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO CURSO "CULTIVO E COIDADADO DO KIWI E CASTIÑEIRO"

EXPEDIENTE:2026/G003/000252 e 2026/G013/000002

ANTECEDENTES:

Esta alcaldía á vista da xustificación e descrición da actividade municipal, realizada polo Concelleiro de Emprego do Concello de Val do Dubra, respecto da que se propón o establecemento do prezo público, que se indica a continuación.

Vista a competencia para o establecemento do prezo público proposto.

Visto o informe emitido pola Secretaría intervención accidental, ISIA 25 2026 G013 000002 Prezo Público, para o curso de "Cultivo e coidado do Kiwi e Castiñeiro".

Tendo en conta que a Xunta de Goberno Local non celebra sesión ordinaria ata o día 9 de abril de 2026 e que procede aprobar o Prezo Público antes do comenzo do Curso "Cultivo e coidado do Kiwi e Castiñeiro" os días 8,9 e 10 de abril de 2026, considérase que concorren razóns de interese público para avocar a competencia delegada.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local en materia de aprobación de Prezos Públicos, mediante Decreto da Alcaldía número 505/2023, de data 27/07/2024 para este caso concreto de aprobación de Prezo Público para o curso "Cultivo e coidado do Kiwi e Castiñeiro".

Segundo.- Aprobar o prezo público pola actividade do programa formativo municipal sobre cultivo e coidado do Kiwi e Castiñeiro, consonte o disposto a continuación:

1º. Prezo público aplicable ao programa formativo municipal sobre Cultivo e coidado do Kiwi e Castiñeiro:

- Prezo público xeral: 25,00 euros

Prezo a aboar polas persoas inscritas e admitidas no curso que comprende o programa formativo "Cultivo e coidado do Kiwi e Castiñeiro"

2º. Condicións de aplicación e xestión do prezo público:

2.1 Estarán obrigados ao pagamento do prezo público as persoas inscritas e admitidas no curso que comprende o programa formativo; e a dita obriga nacerá dende o momento en que exista admisión formal.

2.2. Só procederá a devolución do prezo público satisfeito polas persoas admitidas no curso do programa formativo en caso de que este non se realizase ou, no seu caso, pola concorrencia daqueloutras causas/circunstancias non imputables ás mesmas e que así o puidesen xustificar.

2.3. O prezo público será aboada polas persoas admitidas nun pagamento único, dentro do prazo sinalado ao efecto, e na/s conta/s bancaria/a das entidades colaboradoras da entidade municipal habilitadas para tal fin; e que poderá ser esixido en réxime de autoliquidación.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Telef. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

exp. 2026/G003/000252

Terceiro.- Proceder á publicación do presente Acordo no BOP, así como no taboleiro de anuncios físico e electrónico do Concello; e dar traslado do mesmo á Intervención e Tesouraría Municipais, así como aos servizos municipais encargados da súa tramitación.

Cuarto.- Darase conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Asinado dixitalmente polo Sr. alcalde Diego Luís Díaz Méndez, na data expresada na marxe da presente resolución. Pola secretario interventor accidental, José Ramón Vázquez González, tómase razón para a súa constancia/transcrición ao Libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018)